

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO

PROCESO SELECTIVO: ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN.

Na sala de reunións do Concello de Rianxo, ás 10:00 h do día 01/02/2017, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración dunha lista de contratación temporal de PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 626/2016 do día 09/12/2016 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 50/2017, do 27 de xaneiro de 2017, coa seguinte composición:

Presidente: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades municipal (II)
Vocal: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)
Vocal: M^a Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar municipal (II)
Secretaria: Patricia Sánchez Castelo, secretaria xeral municipal (A1)

O presidente constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 10 de decembro de 2016 publicouse nos dous diarios de maior difusión da Comarca a convocatoria de elaboración da antedita bolsa de contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 16/12/2016.

Terceiro: A secretaria da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición:

1.-O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio da proba, para o cal deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

2.-A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

3.-A proba consistirá na realización dun exame de 20 preguntas tipo test a realizar nun tempo máximo que estableza o tribunal, de coñecementos sobre o posto de traballo a cubrir e sobre as accións, actuacións e actividades deste. Ao non establecer nada nas bases ao respecto, e na orde de garantir a boa marcha do proceso adóptanse por unanimidade os seguintes criterios:

- 1) As respostas deben cubrirse no cadro que se colocará ao efecto na última páxina.
- 2) Cada pregunta ten unha única resposta correcta.
- 3) As preguntas non respondidas non restan puntuación.
- 4) Por cada tres respostas erradas restarase unha resposta correcta.
- 5) A duración do exercicio tipo test será dunha hora.

Todos este criterios entregaranse por escrito ás persoas aspirantes, coa excepción da duración que se informará verbalmente, ao comezo do exercicio a xeito de instrucións de desenvolvemento das probas. Recordarase ademais, que a fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será

necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

O tribunal acorda as preguntas do exame que queda baixo a tutela da Secretaria Municipal.

Logo disto publicarase no taboleiro de anuncios, no sitio web e na Sede electrónica municipal a listaxe das persoas aspirantes que superen a oposición e, xunto con esta listaxe, publicarase o exame coas respostas.

O Tribunal reunirase de novo ás 10:00 horas do xoves día 02/02/2017 no Centro Sociocultural-Auditorio de Rianxo, para levar a cabo a fase de oposición.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.